

Planificador de tarefas: cron



Chronos esperando no [Cemiterio Monumental Xenovés de Staglieno](#).

Para programar/planificar tarefas con certa periodicidade ou en certas datas en GNU/Linux úsase o servizo **cron**. O nome de **cron** vén do grego **Chronos**.

Sumario

- 1 [Introdución](#)
- 2 [Estrutura dos ficheiros crontab](#)
 - ◆ 2.1 [Envío de correo](#)
- 3 [Variables de entorno](#)
 - ◆ 3.1 [Exemplos de ficheiros crontab](#)
- 4 [Crear tarefas programadas: liña comandos](#)
 - ◆ 4.1 [Tarefas programadas de usuarios](#)
 - ◆ 4.2 [Editar tarefas programadas doutros usuarios](#)
- 5 [Borrar tarefas programadas de usuarios](#)
- 6 [Tarefas programadas de sistema](#)

Introdución

- **Cron** é un servizo que corre en segundo plano e que executa tarefas cada certo tempo (*/etc/init.d/cron*).
- **Cron** le ficheiros chamados **crontab** (CRON TABLE), nos que se almacenan as tarefas a executar e cando se deben executar.
- Cada usuario pode ter o seu propio ficheiro **crontab**, onde pode especificar as accións que desexa levar a cabo e as veces que deberían ser executadas. Olo!!! as accións que se especifiquen levaranse a cabo se o usuario ten permisos para realizalas e se ten permitido ter un ficheiro **crontab** (Por defecto todo usuario ten dereito).
 - ◆ Se o usuario non está logueado realizaranse igualmente as tarefas especificadas no seu ficheiro **crontab**.
 - ◆ Os ficheiros **crontab** de cada usuario almacénase en **/var/spool/cron/crontabs/<nome de usuario>**.
 - ◆ Existe, tamén, un ficheiro **crontab do sistema**, este almacénase en **/etc/crontab**. Nel, ao igual que nos outros, indícanse as tarefas a realizar, cando executalas e **usuario** que as debe executar.
- Os usuarios que poden, ou non, executar tarefas programadas están nas seguintes listas:

- ◆ **/etc/cron.allow** (permitir)
- ◆ **/etc/cron.deny** (denegar)
- ◆ Estes dous ficheiros non existen inicialmente nun sistema Debian, por tanto todo usuario pode executar tarefas programadas. Tan pronto como exista un deses ficheiros aplícase a permisión/denegación:
 - ◇ Existe **/etc/cron.allow** e non **/etc/cron.deny**: só poden executar cron os usuarios que estean no ficheiro **cron.allow**.
 - ◇ Existe **/etc/cron.deny** e non **/etc/cron.allow**: só poden executar cron os usuarios que NON estean no ficheiro **cron.deny**.
 - ◇ Non existe ningún: todo usuario pode executar cron.

- No directorio **/etc/cron.d/** pódese almacenar ficheiros tipo **crontab** co mesmo formato quen ten o ficheiro **/etc/crontab**. É máis aconsellable crear **crontabs** en **/etc/cron.d/** que modificar o ficheiro **/etc/crontab**, porque este pode ser modificado cando se realicen actualizacións de cron.

- Se está instalada a utilidade **anacron** executaranse tódalas tarefas almacenadas en: **/etc/cron.hourly**, **/etc/cron.daily**, **/etc/cron.weekly** e **/etc/cron.monthly**. A diferenza de **cron**, se o ordenador estivo a apagado, ao acender mira se algunha tarefa deses directorios non foi executada no seu momento e procede con ela.

- O servizo de **cron** cada minuto revisa o ficheiro **/etc/crontab** e o contido das carpetas **/var/spool/cron/crontabs**, **/etc/cron.hourly**, **/etc/cron.daily**, **/etc/cron.weekly**, **/etc/cron.monthly** e **/etc/cron.d** e se hai cambios, estes son cargados en memoria. Por iso, non é preciso reiniciar o servizo de **cron** cada vez que se modifique un ficheiro **crontab**.



TAMÉN PODES VER...

Pódese atopar axuda en:

- **man cron**
- **man crontab** (axuda do comando).
- **man 5 crontab** (axuda do formato do ficheiro).

Estrutura dos ficheiros crontab

- Cada ficheiro **crontab**, ben do usuario ou ben do sistema, ten a maior parte das veces unha estrutura interna como a que segue:

```
# m h dom mon dow user  command
m: minutos          0-59
h: hora             0-23
dom: día do mes    1-31
mon: mes           1-12 (ou 3 primeiras letras do nome)
dow: día da semana: 0-7 (0 ou 7 é Domingo, ou 3 primeiras letras do nome)
user: usuario que executa o comando: non existe nos crontab de usuario (/var/spool/cron/crontabs/<nome usuario>).
Si existe no crontab do sistema (/etc/crontab).
command: comando a executar.
```

A seguinte imaxe pode clarificar un chisco máis a estrutura e os posibles valores:

EXECUTE BACKUP.SH SCRIPT EVERY SUNDAY AT 2:36 AM
36 2 * * 7 root /usr/local/sbin/backup.sh

VALUE RANGE	VALUE RANGE	VALUE RANGE	VALUE RANGE	VALUE RANGE	
0-59	0-23	1-31	1-12	0-7	- COMMAND TO EXECUTE
					- EXECUTE COMMAND AS A USER ROOT
					- DAY OF WEEK: Sunday =0, Monday =1, Tuesday=2, Wednesday=3 Thursday=4, Friday=5, Saturday=6, Sunday=7
					- MONTH: January =1, February=2, March=3, April=4, May=5, June=6 July=7, August=8, September=9, October=10, November=11, December=12
					- DAY OF MONTH
					- HOUR
					- MINUTE

linuxconfig.org

Imaxe tomada de <http://www.linuxconfig.org>

- Neste caso, esta sería a configuración do **crontab do sistema** (/etc/crontab), pois ten o campo **usuario**.
- Notar que cando se indica un asterisco (*) o campo toma todos os valores do rango, do primeiro ao último.
- Están permitidas listas (usar comas .), rangos (usar guións -) ou saltos (usar barra /) de números en cada un dos campos. Exemplos para o campo minutos:
 - ♦ **1,5,7,20**: a tarefa executarase neses minutos.
 - ♦ **0-5**: a tarefa executarase cada minuto, dende o minuto 0 ate o 5, ambos inclusive.
 - ♦ **0-6, 10-13,40**: combinación dos 2 anteriores.
 - ♦ ***/15**: a tarefa executarase cada 15 minutos.
 - ♦ **0,15,30,45**: fai o mesmo que o anterior.
 - ♦ **0-11/2**: a tarefa executarase cada 2 minutos dende o minuto 0 ó 10 (incluídos).
 - ♦ **0,2,4,6,8,10**: fai o mesmo que anterior liña.
- Observar que o campo día está determinado por dous campos: dom (día do mes) e dow (día da semana). Se os dous teñen valor, o comando executarase cando CALQUERA dos campos coincidan co momento correcto. Exemplo:

```
# m h dom mon dow command
30 4 1,15 * 5 comando
```

O comando executárase ás 4:30 am, os días 1 e 15 de cada mes ou calquera venres á mesma hora.

- No canto dos cinco primeiros campos pode aparecer unha das 8 cadeas especiais:

cadea	significado	m h dom mon dow
-----	-----	-----

```

@reboot      Executar unha vez ó iniciar.
@yearly      Executar unha vez ó ano, o 01/01/ano.=    ?0 0 1 1 *".
@annually    O mesmo que @yearly.
@monthly     Executar unha vez ó mes, o 01/mes/ano.=  "0 0 1 * *".
@weekly      Executar unha vez á semana, o Domingo.= "0 0 * * 0".
@daily       Executar unha vez ó día, ás 12 da noite.= "0 0 * * *".
@midnight    O mesmo que @daily.
@hourly      Executar cada hora en punto.=          "0 * * * *".

```

Envío de correo

- **cron** envía ao usuario dono da tarefa (`root@localhost`, `usuario@localhost`) que se executa programadamente un correo coa saída da tarefa ou dos comandos da tarefa, se teñen. Para que se poida facer o envío do correo hai que ter instalada unha utilidade de mail.
- **cron** envía o correo ao dono da tarefa, coa saída desta, ou a quen se especifique no parámetro **MAILTO** do ficheiro *crontab*.
- Que facer no caso de ter unha utilidade de mail e non se desexa que cron estea enviando unha mensaxe de correo coa saída da tarefa cada vez que se executa?:
 - ◆ **comando &> /dev/null** ou **comando > /dev/null 2>&1**: envía a saída do comando/erros a /dev/null.
 - ◆ **comando >> ruta/saida.txt 2>&1**: envía a saída do comando/erros ó ficheiro `saida.txt`
 - ◆ **MAILTO=??**: definir o parámetro do ficheiro **crontab** a nada, e enviaráselle o correo á **ninguén**.

Variables de entorno

- Algunhas variables de entorno son iniciadas polo servizo *cron*. Cando se lanza unha tarefa programada estes son os seus valores por defecto.
 - ◆ **HOME**= colle o valor do ficheiro `/etc/passwd` do dono do *crontab*.
 - ◆ **LOGNAME**= colle o valor do ficheiro `/etc/passwd` do dono do *crontab*.
 - ◆ **PATH**=`/usr/bin:/bin`
 - ◆ **SHELL**=`/bin/sh`

Estes valores poden ser modificados ao inicio dun ficheiro *crontab*. E poden ser definidas outras novas variables, como: *LANG*, que por defecto é inglés. Se se desexase que a *locale* estivese en galego, indicar ao inicio do *crontab*:

```
LANG=gl_ES.UTF-8
```

Exemplos de ficheiros crontab

Antes de entrar en materia e realizar tarefas programadas véxanse algúns exemplos destas. Ao final destes exemplos creranse varias tarefas programadas.

- **Exemplo de Ficheiro crontab dun usuario: /var/spool/cron/crontabs/<usuario>**:

```

# Un ficheiro de usuario debe ser editado co comando crontab, logo verase.

#Usar /bin/bash para executar os comandos, no canto do shell por defecto: /bin/sh
SHELL=/bin/bash
#
# Enviar un correo, se estivera configurado, coa saída dos comandos a tres
# usuarios, o último é un usuario local. Non importa que sexa o dono do crontab
MAILTO=usuario@edu.xunta.es, user@gmail.com, usuario_local

# Executa o script "'diario.job'", tódolos días, cada 5 minutos, despois da media
# noite. A súa saída non é enviada ó correo senón que se envía ó ficheiro
# saída.txt

```

```

5 0 * * *      $HOME/bin/diario.job >> $HOME/saida.txt 2>&1

# Execútase a tarefa monthly ás 2:15pm do primeiro de cada mes, e envíase un
# correo coa súa saída ós tres destinatarios de MAILTO.
15 14 1 * * *  $HOME/bin/monthly

#

# Enviar un corre a xose as 10 pm ós días de semana:
0 22 * * 1-5   mail -s "Son as 10pm" xose%Xose,%Onde están os nenos?%

# Envía a saída do comando echo ós tres de MAILTO, tódolos días, cada 2 horas,
# 23 minutos despois da hora.
23 0-23/2 * * * echo "run 23 minutes after midn, 2am, 4am ..., everyday"

# Envía a saída do comando echo ós tres de MAILTO, cada domingo ás 4:05 am.
# 23 minutos despois da hora.
5 4 * * sun   echo "run at 5 after 4 every sunday"

# Envía o erro da saída do comando mkdir /u ós tres de MAILTO, cada minuto.
# Un usuario calquera non ten, por defecto, permisos para crear na raíz.
# A mensaxe que enviaría sería algo como isto:
#      mkdir: non se pode crear o directorio "/u": Permission denied
# * * * * * mkdir /u

```

• Exemplo de Ficheiro crontab de sistema: /etc/crontab:

```

# Este ficheiro, ao igual que os crontabs que se creen dentro de /etc/cron.d/,
# ten un campo de usuario, que indica que usuario executa ese comando.

# Este ficheiro ou os crontabs de /etc/cron.d/ editanse á man sen usar o
# comando crontab, como se verá máis adiante.

# Non se recomenda que se modifique o ficheiro /etc/crontab, pois se se
# actualiza o cron, pode ser que se actualice este ficheiro. Para tarefas
# programadas do sistema créense ficheiros crontabs en /etc/cron.d/

# Este é o contido real de /etc/crontab.
#Definición de variables de entorno.
SHELL=/bin/sh
PATH=/usr/local/sbin:/usr/local/bin:/sbin:/bin:/usr/sbin:/usr/bin

# run-parts: executa programas ou scripts dun directorio.
# m h dom mon dow user  command

17 * * * *    root                cd / && run-parts --report /etc/cron.hourly
# Comproba se existe o comando '''anacron''' run
25 6 * * *    root                test -x /usr/sbin/anacron || ( cd / && run-parts --report /etc/cron.daily )
47 6 * * 7    root                test -x /usr/sbin/anacron || ( cd / && run-parts --report /etc/cron.weekly )
52 61 * * *   root                test -x /usr/sbin/anacron || ( cd / && run-parts --report /etc/cron.monthly )

# A modo de exemplo vaise engadir unha entrada neste ficheiro, cousa non
# aconsellable, é mellor crear un ficheiro tipo crontab en /etc/cron.d/

MAILTO=usuario@edu.xunta.es, user@gmail.com, usuario_local

# Envía a saída do comando (o espazo que consumen as carpetas persoais dos
# usuarios LDAP) ós tres de MAILTO. Ás 2am de cada día.
* 2 * * *    root du -h --max-depth=1 /home/iescalquera

```

Crear tarefas programadas: liña comandos

Vistos os exemplos anteriores vanse realizar varias tarefas programadas en *dserver00*.

Tarefas programadas de usuarios

Usar o comando **crontab**:

```
crontab [-u usuario] { -e | -l | -r }

# Parámetros
# -u: para editar o crontab dun usuario distinto ó actual.
# -e: edita o ficheiro crontab de usuario
# -l: lista o ficheiro crontab de usuario
# -r: borra o ficheiro crontab de usuarios
```

• A miña primeira tarefa programada:

Crear unha tarefa programada que cada minuto escriba nun ficheiro o nome do usuario, o seu *home*, e a data completa.

- En **dserver00**, entramos co usuario administrador ou nos pasamos a el dende root

```
su - administrador
```

Editamos o ficheiro crontab do usuario *administrador*. Non hai en */var/spool/cron/crontabs* ningún ficheiro crontab para o administrador así que o comando vai crear un ficheiro novo automaticamente usando o comando *nano*:

```
administrador@dserver00:~$ crontab -e
```

Na tarefa programada introducir:

```
# m h dom mon dow   command
* * * * * echo "$LOGNAME, $HOME "`date`">>ficheiro.txt
```

- Notar que ao ficheiro non se lle puxo a ruta. A ruta que tomará por defecto é o home do usuario, pois esa tarefa execútase no contorno do usuario administrador. Sería equivalente a escribir *\$HOME/ficheiro.txt*.

- En */var/spool/cron/crontabs/administrador* foi onde se gardou o contido da tarefa programada do usuario administrador. Podemos vela usando o usuario *root*:

```
root@dserver00:/home/administrador# ls /var/spool/cron/crontabs/ -l
total 4
-rw----- 1 administrador crontab 1153 Mai 9 00:59 administrador
```

- Pasados uns minutos:

```
administrador@dserver00:~$ cat ficheiro.txt
administrador, /home/administrador Ven Mai 9 01:00:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador Ven Mai 9 01:01:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador Ven Mai 9 01:02:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador Ven Mai 9 01:03:01 CEST 2014

administrador@dserver00:~$ date
Ven Mai 9 01:04:09 CEST 2014
```

- Notar como o comando *date* executado na tarefa programada pon o día en galego. Iremos configurar un idioma diferente.
- Configurar a variable de entorno na tarefa programada.

```
administrador@dserver00:~$ crontab -e
```

Engadir: LANG=gl_ES.UTF-8 (revisar o comando *locale*).

```
LANG=es_ES.UTF-8

# m h dom mon dow  command
* * * * *      echo "$LOGNAME, $HOME " `date`>>ficheiro.txt
```

- Pasados uns minutos, observar a última liña.

```
administrador@dserver00:~$ cat ficheiro.txt
administrador, /home/administrador  Ven Mai 9 01:00:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador  Ven Mai 9 01:01:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador  Ven Mai 9 01:02:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador  Ven Mai 9 01:03:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador  Ven Mai 9 01:04:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador  vie may 9 01:05:01 CEST 2014
```

- A segunda tarefa programada: script

Trátase de facer o mesmo que no caso anterior, pero que o comando a executar sexa un script:

```
nano diahora.sh
```

- Editar o seu contido:

```
#!/bin/bash
echo "$LOGNAME, $HOME " `date`>>ficheiro2.txt
```

- Editar o crontab de administrador e modificar o seu contido:

```
crontab -e
```

- Editar contido:

```
LANG=es_ES.UTF-8

# m h dom mon dow  command
* * * * *      sh diahora.sh # Segunda tarefa
```

- Pasados uns minutos:

```
administrador@dserver00:~$ cat ficheiro2.txt
administrador, /home/administrador  vie may 9 01:16:01 CEST 2014
administrador, /home/administrador  vie may 9 01:17:01 CEST 2014
```

- Terceira tarefa programada

Quérese recibir un correo cada minuto coa mesma información anterior e ademais co contido de /root.

- Crear un script:

```
nano diahora_mail.sh
```

- Contido:

```
#!/bin/bash
echo "$LOGNAME, $HOME " `date`
```

```
ls /root
```

- Observar que as saídas dos comandos non se redireccionan a ningures. Ademais o usuario administrador non ten permisos para ver o contido de /root.

- Editar o crontab de administrador e modificar o seu contido:

```
crontab -e
```

- Editar contido:

```
LANG=gl_ES.UTF-8

# m h dom mon dow   command
* * * * *      sh diahora_mail.sh # Terceira tarefa
```

- Pasado un minuto, consultamos o *mail* do usuario administrador co comando **mail**:

```
administrador@dserver00:~$ mail
Mail version 8.1.2 01/15/2001.  Type ? for help.
"/var/mail/administrador": 1 message 1 new
>N 1 root@dserver00.ies  Fri May 09 01:21   23/1059  Cron <administrador@dserver
& 1
Message 1:
From administrador@dserver00.iescalquera.local  Fri May 09 01:21:02 2014
Envelope-to: administrador@dserver00.iescalquera.local
Delivery-date: Fri, 09 May 2014 01:21:02 +0200
From: root@dserver00.iescalquera.local (Cron Daemon)
To: administrador@dserver00.iescalquera.local
Subject: Cron <administrador@dserver00> sh diahora_mail.sh
Content-Type: text/plain; charset=UTF-8
X-Cron-Env: <LANG=es_ES.UTF-8>
X-Cron-Env: <SHELL=/bin/sh>
X-Cron-Env: <HOME=/home/administrador>
X-Cron-Env: <PATH=/usr/bin:/bin>
X-Cron-Env: <LOGNAME=administrador>
Date: Fri, 09 May 2014 01:21:02 +0200

administrador, /home/administrador  vie may 9 01:21:01 CEST 2014
ls: no se puede abrir el directorio /root: Permiso denegado

&q
```

- Observar como amosa a saída dos dous comandos:
 - ◆ **echo**, saída correcta
 - ◆ **ls /root**: saída con erros, porque o usuario non pode acceder a /root.

Editar tarefas programadas doutros usuarios

Só o pode facer o administrador do sistema (root ou pertencentes a sudoers).

```
root@dserver00:~# crontab -u sol -e
no crontab for sol - using an empty one
crontab: installing new crontab
root@dserver00:~# ls /var/spool/cron/crontabs/ -l
total 8
-rw----- 1 administrador crontab 1145 Mai  9 01:26 administrador
-rw----- 1 sol           crontab 1153 Mai  9 01:27 sol
```

Borrar tarefas programadas de usuarios

```
root@dserver00:~# crontab -u sol -r
root@dserver00:~#
root@dserver00:~# ls /var/spool/cron/crontabs/ -l
total 4
```



```
-rw----- 1 administrador crontab 1145 Mai  9 01:26 administrador
```

Tarefas programadas de sistema

Estas poden ser creadas cun editor calquera, modificando o ficheiro **/etc/crontab** ou creando un ficheiro crontab no directorio **/etc/cron.d/**. Isto último é o aconsellable. Lembrar que hai que especificar o usuario.

Se se desexa que se execute un script, este debe residir nun sitio accesible para o usuario que o executa.

Exemplo de entradas en **/etc/crontab** ou **/etc/cron.d/tarefa**

```
nano /etc/cron.d/tarefa
```

- O contido

```
# m h dom mon dow user  command
* * * * * administrador echo ola>>ficheiro4.txt
30 23 * * * root /usr/local/sbin/backup.sh
@reboot root ntpdate es.pool.ntp.org
```

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez